

A LEDICIA DE LER

“Textos para o ensino do galego”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 12 de decembro de 1976



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* de 1975 a 1980, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

Textos para o ensino do galego*

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 12 DE DICIEMBRE DE 1976

O panorama lingüístico do galego empeza a ser preocupante, e non precisamente por falta de falantes, senón máis ben polo contrario. É tal xa o peso e a importancia das persoas incorporadas á práctica do galego que están modificando fundamente a lingua, impondo unha variedade dialectal urbana na que, máis que os castelanismos, o que abonda son os hipergaleguismos, as falsas analoxías, os arcaísmos, os vulgarismos e outros vicios dos que xa temos falado nestas mesmas páxinas. Algúns deles empezan xa a ser norma no galego periodístico. ¿Quén que teña que enviar unha nota á prensa renuncia hoxe a formas como **orgaizar, labourar, condear, domiñar, cordiñar, siñificar, hourizonte, oficiña, aición, dialéutica**, etc.? Si abrimos, por exemplo, o periódico do domingo pasado, atopamos en distintas comunicacións palabras como **iñorar, conscentes, segredario** e outras. Pola radio escoitamos esta mesma semana **concencia, aceitar**, (non co significado de botar aceite, senón co de aceptar), **paito** e **próusimo**. Nunha folla de propaganda política lemos **produxo, reduxo, reaucioario** e **órgao**...

Poderíamos continuar. E penso que de algún xeito alguén debía continuar. Neste intre serían de gran utilidade seccións periodísticas nas que se recolleran semanalmente, por exemplo, os erros aparecidos na prensa. Unha especie de cárcel de papel. Tampouco deixaría de ser útil nas salas de redacción unha boa lista de

* Esta artigo preséntase sen adaptar á normativa actual, transcribíndose tal e como foi publicado en 1976, para apreciar mellor as circunstancias nas que foi escrito.

palabras delincuentes, que os periodistas estarían obrigados a deteñer en canto intentaran pasar á letra impresa. Porque compre ir poñendo unha barreira protectora ao idioma, que o defenda de caprichos e de arbitrariedades, pois neste intre está seriamente amenazado, sobre todo desde dentro. Coido que pasada a etapa da súa extensión nos medios urbanos, para o que toda tolerancia e comprensión era pouca, hai que ir creando un clima de responsabilidade. Despóis de todo, como di Carballo Calero, as cousas queridas cóidanse e trátanse con agarimo.

Con coidado e agarimo acaban de publicar un libro de **Textos para o ensino do galego**, un catedrático e varios maestros da Coruña: Maruxa Barrio Val, Xan Cejudo Álvaro, Henrique Harguindey Banet, Francisco Pillado Mayor e Xulia Tarrío Pillado¹. Trátase dun voumen de algo máis de duascenas páxinas no que se recollen textos galegos para ser utilizados como material de traballo polos alumnos dos distintos niveles de E. X. B. A súa escolma e clasificación están feitas en función da mentalidade dos nenos e das diferentes edades, preferíndose en xeral para os máis noviños textos saídos da canteira da nosa literatura popular, de onde os antólogos souberon escoller con acerto e sensibilidade. Ademáis dos fragmentos escolmados, figuran no libro un bo mangado de exercicios para facer baixo a dirección do profesor, ao que se lle ofrecen unhas atinadas normas de tipo metodolóxico e lingüístico e un breve vocabulario que se inclúe ao final, xunto cunha pequena ficha de cada un dos autores dos textos recollidos e unha lista de libros para formar unha biblioteca escolar galega.

Este novo método para o estudio do galego pode chegar a ser dunha gran utilidade nas escolas. Está concebido moi sinxelamente e ten a virtude de poñer aos alumnos directamente en contacto co idioma a traveso da obra dos escritores, eliminándolles esforzos teóricos de utilidade máis que dudosa, permitíndolle ademáis ao maestro unha gran libertade no plantexamento das súas clases. A creatividade

destas parece buscarse indirectamente polos autores, que lle queren dar ao seu traballo un carácter aberto, para o que piden desde o principio opinións e críticas. Esta é a miña e a ela somentes quero engadir que de cara a unha segunda edición conviría coidar un pouco máis a acentuación das palabras (por exemplo, acentúan cáseque sistemáticamente os pronomes el e ti, que en galego non teñen necesidade do diacrítico), unificar algunhas formas ortográficas no idioma empregado por eles nas guías dos exercicios (**esplicar** / **explicar**; **espresión** / **expresión**) e restituírle a Lamas Carvajal o seu apelido, pois o Carvaxal outra cousa sería e Carvallal non é máis galego que Carvajal.

* * *

¹ **Textos para o ensino do galego**, ao coidado de Marxua Barrio Val, Xan Cejudo Álvaro, Henrique Harguindey Banet, Francisco Pillado Mayor, e Xulia Tarrío Pillado. Edicións do Ruciro, A Coruña, 1976.